



DICCIONARIO
DA
LITERATURA GALEGA

I

Autores



galaxia



DICCIONARIO DA LITERATURA GALEGA

I AUTORES

Iris Cochón, Luciano Fernández, Ana Belén Fortes, Helena González,
Henrique Monteagudo, Ramón Nicolás, M^a do Carme Ríos Panisse,
Dolores Vilavedra.

Coa colaboración de Alfonso Mato.

Coordinación
Dolores Vilavedra
(Instituto da Lingua Galega)

Diseño e maquetación
F. Mantecón



© Editorial Galaxia, S.A.

Reconquista, 1

36201 Vigo

Pontevedra

ISBN: 84-8288-019-5

Dep. Legal: VG-735-1995

Esta obra foi publicada con axuda da
Dirección General del Libro y Bibliotecas do
Ministerio de Cultura.

O proxecto de investigación desta obra
foi realizado cunha axuda económica da
Fundación Caixa Galicia.

desta obra preludia os poemas en prosa de *Manual de masoquistas* (1990): quince concentrados textos, uns brevísimos, outros lindantes co relato, poboados por seres sen transcendencia nunha épica do cotián marcada pola ausencia de plenitude e a reflexión sobre o autoconhecimento. Do lirismo á parábola, continúa ironizando sobre o sublime empregando perversa e lúdicamente o travestismo literario ou recorrendo ó melodrama para conseguir unha crítica do amor romántico na que se apuntan psicoloxías claramente narrativas. Esta tendencia a mesturar a contención do poema coa narratividade ten continuidade en "O baile", relato inserto no volume colectivo *Contos eróticos/teles* (1990) e culmina con *As Reliquias* (1991), Premio Café de Catro a Catro de novela curta. Parodiando a picaresca, a protagonista recorda a súa traxectoria vital, un descenso ós infernos, de Monforte ó Novo Mundo, dun convento de descalzas ós bordeis do Perú, pasando polo Madrid cortesano do XVII ata descubrir a propia identidade na transgresión. Trátase, en realidade, de dúas viaxes paralelas: a xeográfica, sorprendente nesta nosa literatura polo seu exotismo, e a moral, non menos extraña por esquivar a moralina sobre a degradación, nunha coidada estrutura que fai avanzar a acción nunha peculiar circularidade. Coherente co eu poético a primeira persoa protagonista, da que ignoramos mesmo o nome, móstrase distanciada e case aséptica, evitando así a identificación co lector a costa de perder poder de convicción. A restricción xenérica tamén se manifesta na contención diexética, que leva a botar en falta un maior número de descrições e evocacións de tan atractivos universos ficcionais. Xogando sempre nos límites dos xéneros e das convencións, o resultado é unha orixinalísima obra desenfadadamente amena.

BIBLIOGRAFÍA

- Seoane, X., "¿Mollaremos os nosos corpos noutra aurora?", *Luzes de Galicia* 16-17, 1991.
 Valcárcel, X., "Sucios e desexados de Antonio R. López", *Luzes de Galicia* 13.
 Vilavedra, D., "As Reliquias de Antonio R. López", *El Correo Gallego*, 1-1-1992.

RODRÍGUEZ LÓPEZ, MANUEL

(Satria, 1934). Poeta moi comprometido co mundo da emigración pola súa propia traxectoria vital, cultivador da poesía socialrealista. Desde moi neno vive en Barcelona, onde fixo estudos de humanidades e filosofía e traballa como administrativo nunha fábrica. Obtivo varios premios de poesía con textos soltos e desenvolveu o seu traballo como articulista na prensa periódica da emigración e de Galicia. Como poeta publicou *Poemas populares* (1968), *Saudade no bulleiro* (1970) e *Soldada mínima* (1979). Os seus textos están centrados nunha visión saudosa de Galicia, na frustración dos que emigraron desde o rural ás cidades, nas condicións inhumanas que cómpre soportar no mundo urbano e industrial... en definitiva, na realidade na que viven os seus receptores ideais, os obreiros. Os seus poemas, cheos de ironía, empregan unha linguaxe premeditadamente sinxela, como adoito fan os poetas civís. Ten publicado, ademais, un libro de contos, *Reencuentro con Alice* (1983), e un ensaio titulado *Gallegos en Catalunya* (1983).

RODRÍGUEZ LÓPEZ, XESÚS

(Luigo, 1859-1917). Médico de profesión, como poeta publicou *Cousas de mulleres* (1895), libro no que se describen diversos costumes labregos cunha grande variedade métrica e que CC califica como novela en verso polo predominio da compoñente narrativa, *A malla* (1894), *Pasaxeiras* (1898) e *Gallegadas, con alegrias de la*